



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ e MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, portavoz e viceportavoz do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presentan diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que o Concello **ABORDE A SITUACIÓN DE “ZONA CATASTRÓFICA SOCIAL E AMBIENTAL” DA PARROQUIA DE LOURIZÁN E IMPULSE UN PROGRAMA PLURIANUAL 2016-2019 PARA COMPENSAR A “DÉBEDA HISTÓRICA” QUE O CONXUNTO DE PONTEVEDRA TEN CON ESA PARROQUIA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia de Lourizán viven segundo os datos do censo municipal de 2015 un total de 3.107 veciños e veciñas que a converten na parroquia rural máis poboada do concello de Pontevedra.

Lourizán non padeceu nos últimos anos ningunha catástrofe natural (terremoto, inundacións, ciclón, incendio...), nin tampouco se viu afectada por ningún accidente marítimo ou terrestre.

Non obstante, a parroquia de Lourizán vive unha situación que poderíamos definir como de **ZONA CATASTRÓFICA de carácter social e ambiental, con epicentro nos Praceres**, froito do abandono e do castigo aos que se viu sometida por diversas administracións, de distintas cores políticas e ao longo de varias décadas.

A instalación a finais dos anos cincuenta das factorías de ENCE e ELNOSA en terreos de dominio público marítimo terrestre gañados ao mar mediante recheos, e mais a vía que transcorre abeirando a liña do litoral, a PO-11, seguen causando unha gravísima alteración da costa, actualmente moi degradada e impropia dunha zona de gran potencialidade turística.

Cabe lembrar a actuación da veciñanza de Lourizán, que se enfrontou a peito descuberto á Infantería de Mariña do anterior réxime e foi duramente reprimida: 14 mulleres foron detidas e conducidas á prisión militar de Caranza, e mesmo as súas familias sufriron ameazas. Mentres, no centro da cidade celebrábase como feliz acontecemento a aterraxe da empresa chamada “a liderar o noso crecemento”.

Pois ben, o resultado de todo aquilo foi o contrario do anunciado, coa agravante das ata o momento dificultades insalvables para corrixir os moitos danos, que nós

consideramos gravísimos, porque interfieren directa e negativamente no noso natural desenvolvemento, xa que supoñen unha barreira artificial que afasta á veciñanza da súa tradicional fonte de vida: a ribeira e, por extensión, a ría.

A esta situación hai que engadirlle as omisións que os distintos gobernos municipais tiveron a respecto da parte rural do noso concello, e máis concretamente con esta parroquia, que carece de servizos públicos básicos; cousa que obrigou os veciños a efectuar obras mancomunadas de traídas de auga e de rede de sumidoiros (esas obras, ao careceren de planificación e medios, presentan na actualidade deficiencias xeneralizadas e, ademais, non chegan a toda a poboación, cando é a parroquia que soporta sen concesión administrativa unha suposta planta de tratamento).

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) dos Praceres, explotada por Viaqua, iniciou o seu funcionamento en 1993. Na actualidade, presenta numerosas deficiencias e a Audiencia Nacional deixou sentado nunha sentenza (o 19 de abril de 2013) que tanto a propia estación depuradora coma o colector, construídos no seu día pola Xunta, carecen de concesión de dominio público marítimo terrestre. A Audiencia Nacional condenou, ademais, o Estado a **incoar expediente de caducidade** da concesión e a adoptar as medidas legais para a paralización das súas actividades e para a suspensión do uso e explotación das súas instalacións. Esta sentenza foi ratificada posteriormente polo Tribunal Supremo, e a ela sumóuselle a condena da UE por non cumprir os parámetros da calidade das augas na ría de Pontevedra (estamos á espera da cuantiosa multa, que teremos que pagar outra vez os cidadáns).

Ademais, lonxe de reducir a superficie contaminada da praia (declarada pola Xunta de Galicia como zona C para o marisqueo), esta EDAR aumentouna de forma alarmante. Na actualidade, soamente unha mínima parte da ribeira pode ser traballada.

Os recheos do porto realizados pola Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra (cunha ampliación de máis de 300.000 metros cadrados, gañados ao mar) foron declarados ilegais polo Tribunal Supremo en sentenza firme de 2009 que condenaba a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Autoridade Portuaria á **reposición da zona portuaria ao estado que esta tiña** antes da aprobación dos plans especiais anulados. Igualmente, lonxe de cumprir o disposto na sentenza do Supremo, seis anos despois, en 2015, seguiuise anunciando a licitación para a contratación das obras de mellora de calados nos accesos marítimos na zona afectada.

A falta de vontade política de desenvolver o Plan Especial de Reforma Interior (PERI) previsto no PXOU de 1989 (sen redactar desde que en 1990 o plan entrou en vigor), constitúe outro borrón mais que favoreceu o desastre urbanístico que hoxe en día padecemos, ademais de impedir a dotación de espazos abertos ao mar para goce de todos os veciños de Pontevedra.

É importante lembrar as sucesivas sentenzas que sentaron a restra de ilegalidades cometidas nesta parroquia (o ilegal paso do tren pola praza dos Praceres e os non menos ilegais recheos portuarios), sen que ninguén dos seus responsables pagasen pola súa actuación negligente. Por contra, o adiamento no tempo do cumprimento desas sentenzas causou unha deslexitimación (e desacato) de facto das teses da xustiza, posto que os actos ilegais se seguen a producir e aqueles que cometeron as ilegalidades seguen a beneficiarse deles.

Tampouco se pode esquecer o Scalextric dos Praceres, que discorre paralelo á ábsida da igrexa parroquial, e mais o muro de formigón que o sustenta, poñendo fin á posibilidade de ver e gozar do mar dende a praza máis emblemática de Lourizán (a parroquia máis mariñeira de Pontevedra, a única con litoral do concello). Isto condena os veciños a cruzar un paso a nivel ilegal e mais un túnel para chegaren ás augas que bañan o seu territorio. É unha obra claramente innecesaria que só se explica pola negativa das administración a soterrar o tren que cruza a praza dos Praceres.

COMPENSAR UNHA “DÉBEDA HISTÓRICA”

A pesar de seguir sendo a parroquia rural con mais habitantes, a lista de carencias de instalacións e ausencia de servizos públicos é en Lourizán innumerable.

Agás un colexio público de primaria, que conta na actualidade con algo máis de medio cento de alumnos, esta parroquia carece dos máis elementais servizos.

Tres datos son ilustrativos da situación da parroquia:

1º. Perda de poboación. Mentres na última década o concello de Pontevedra viu medrar un 3,1 por cento o seu censo de habitantes, a parroquia de Lourizán, nese mesmo período, perdeu un 5 por cento (de 3.267 a 3.107 habitantes). Esta tendencia negativa, continua e paulatina, rolda o milleiro de habitantes nos últimos cincuenta anos.

2º. Abandono de vivendas. Ao longo da estrada vella, PO-546, e da súa prolongación por Estribela cara a Marín, unha de cada tres vivendas están abandonadas.

3º. Carencia de establecementos. Polo seu nivel de poboación, esta parroquia debería contar (aplicándolle a media do resto do concello), con tres supermercados. Porén, dispón de soamente un.

Entre as carencias da parroquia destacan:

- **Políticas sociais.** Ausencia de instalacións e persoal para atención de servizos sociais (ningún centro de maiores, nin garderías).
- **Instalacións deportivas.** Carencia absoluta de instalacións deportivas, agravada co desmantelamento do campo de fútbol (que constituía a única contraprestación que tivo a parroquia polos recheos efectuados nos anos 60).
- **Infraestruturas viarias.** A vía de comunicación da parroquia (a estrada vella Pontevedra-Marín) soporta un tráfico pesado para o que non foi deseñada. (O pleno do concello xa aprobou, por instancia de Marea Pontevedra, a mellora desta vía e o traslado do acceso dos camións a ENCE pola PO-11).
- **Barreiras.** A praza dos Praceres está seccionada pola metade por un dos poucos pasos a nivel ferroviarios vixentes na actualidade. Por detrás da ábsida da igrexa discorre un Scalextric. Non hai elementos integradores para axudar as persoas con discapacidade funcional.
- **Mobilidade.** O transporte público que comunica a parroquia de Lourizán coa praza de Galicia, na capital, non esta subvencionado polo concello

- **Saneamento.** Os sumidoiros presentan tantas irregularidades que, nalgúns zonas, verten augas fecais dentro das vivendas, cunha frecuencia indigna para calquera cidadán.

- **Cemiterio municipal.** Completamente saturado.

Todo isto levou a unha apatía que provocou nos veciños unha sensación de pobo perdedor, que xamais recibe investimentos e que habita dunha terra devastada da que, se as autoridades se acordan, é só para inflixirille outro agravio mais.

Lourizán precisa un forte estímulo, que vigorice a trama social da veciñanza. Un proxecto ambicioso, que a faga re-coñecida na cidade. Unha posta en valor da finca de Montero Ríos, que ben puidera ser o eixo central onde desenvolver actuacións encamiñadas a devolverlle o esplendor que esta parroquia algún día tivo.

Lourizán é a xanela de Pontevedra cara á ría e resulta lamentable contemplar como o denominado “modelo de cidade” se afasta cada vez máis do seu mar e converte esta zona no seu particular “rocho”. Queremos que Lourizán, e en particular Os Praceres, recupere o esplendor pasado e se converta no balcón onde os pontevedreses se poidan reconciliar co deteriorado litoral.

Por todo isto, Marea Pontevedra presenta a seguinte

PROPOSICIÓN

- 1. Definir un programa plurianual 2016-2019 para compensar a “débeda histórica” que Pontevedra ten coa parroquia de Lourizán, acompañado do correspondente orzamento extraordinario, en función das seguintes infraestruturas e servizos:**
 - **Construción dun centro social comunitario multifuncional para atender as necesidades sociais e de lecer (fundamentalmente dirixido ás persoas maiores).**
 - **Construción dunha instalación deportiva pública que albergue un campo de fútbol (que supla o pechado en xaneiro de 2016).**
 - **Construción dunha escola infantil e dunha ludoteca para os cativos da parroquia.**
 - **Ampliación do actual cemiterio, máis alá das 10 prazas anunciadas.**
- 2. Abrir un proceso de negociación para a mellora das infraestruturas e dotacións que hoxe dependen doutras administracións, cos seguintes obxectivos:**
 - **Resolver de xeito satisfactorio o soterramento da liña férrea que cruza a praza dos Praceres e eliminar o Scalextric que separa a parroquia da praia.**

- **Mellorar e ensanchar as beirarrúas da antiga estrada de Pontevedra-Marín e habilitar un carril bici.**
- **Negociar coa Deputación e a Xunta de Galicia a restauración do Pazo de Lourizán para instalar nel un centro cultural nun plan integral de dinamización da parroquia (proposto polo seu consello parroquial).**
- **Poñer en marcha, coordinadamente coa Xunta de Galicia, un proxecto para a recuperación ambiental da Xunqueira de Gandarela.**

Pontevedra, 03.02.2016

O portavoz do GM de Marea Pontevedra

LUÍS REI NÚÑEZ

A viceportavoz do GM de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ